



Alcaldía do Concello de Zas
(P1509400F)

Núm. Expte.: IN408A/2019/022

Denominación do proxecto: Parque eólico Coto Muiño

Solicitante/Promotor: Greenalia Wind Power Coto Muiño, SLU.

Situación: Concellos de Vimianzo e Zas (A Coruña)

Asunto:

Levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados e traslado do Anuncio para a súa publicación.

De conformidade co disposto no artigo 52.3 da vixente Lei de Expropiación Forzosa, comunicámoslle que o **día 28 de abril de 2026** levarase a cabo o acto de levantamento de actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio do parque eólico Coto Muiño, no que solicitamos a súa comparecencia ou a do concelleiro/a no que delegue, o cal deberá contar co oportuno nomeamento. Para proceder ao levantamento de actas terase como punto de xuntanza a Casa do Concello de Zas no día e horas que figuran no calendario que se xunta a este escrito.

Asemade e co fin de continuar coa tramitación do expediente achégase o Anuncio polo que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados xunto coa documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través da ligazón que se indica, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro oficial dese Concello.

Documentación para exposición pública:

- Anuncio do 4 de marzo de 2026 da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático polo que se fan públicas as datas, horas e lugares para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polas instalacións de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Coto Muiño nos Concellos de Vimianzo e Zas (A Coruña), promovido por Greenalia Wind Power Coto Muiño, SLU. (expediente IN408A/2019/022).
- Relación de titulares con bens e dereitos afectados
- Planos parcelarios
- Calendario da convocatoria





Ligazón para descarga:

<http://descargas.xunta.es/5fcd175a-6832-4de4-9b7f-121f52f341781772458398989>

Esta exposición faise co fin de cumprir co trámite establecido no artigo 52.2 da Lei de Expropiación Forzosa no que se establece que dita publicación nos taboleiros oficiais realizárase cunha antelación mínima de oito días ao levantamento de actas previas á ocupación. Rematado este prazo deberá remitir a esta Dirección Xeral un certificado acreditativo desta exposición para a súa incorporación no expediente.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

A xefa do Servizo de Coordinación de Enerxías Renovables

Manuela Fernández Caloto

